

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.**

En Santiago de Compostela, a 31 de xaneiro de 2017

DE UNHA PARTE, director xeral de Ordenación e Producción Forestal, segundo o Decreto 30/2012, do 4 de xaneiro, (DOG núm.4 do 5 de xaneiro de 2012), polo que se dispón o seu nomeamento; actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire a orde do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería. (DOG Núm. 223 Luns, 23 de novembro de 2015).

DE OUTRA PARTE: actuando en nome e representación de "Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.", sociedade mercantil pública autonómica creada mediante Decreto 58/1997, de 20 de febreiro, da Consellería de Economía e Facenda, polo que se crea a sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (DOG nº 56, de 21 de marzo), con CIF nº A-15643687 e domicilio a efectos de notificación en Santiago de Compostela, Avda. de Fernando de Casas Novoa, n.º 35B. 3º C-D, en virtude da súa condición de Apoderado, segundo consta en escritura outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela, o día 16 de xuño de 2015, con número 1.059 do seu protocolo, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela ao Tomo 49, Folio 122 volto Folla SC-20.151, Inscripción 26ª

Ambas partes recoñécense a capacidade xurídica e legal, así como a representación legal necesaria para o outorgamento de este documento, e a tal efecto,

## EXPOÑEN

- I. Que, REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL, S.A. (en diante RETEGAL) foi creada mediante o Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, e está adscrita á Amtega, a través da Área de Infraestruturas e Telecomunicacións, de acordo co establecido no punto 3 da Disposición adicional décima do de conformidade co Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos. Retegal dispón dunha ampla rede de infraestruturas de telecomunicacións ao longo da xeografía galega, sobre as que se prestan servizos de telecomunicacións tanto ás entidades dependentes da Xunta de Galicia como directamente aos cidadáns da comunidade autónoma. Retegal, por encomenda da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, encárgase da explotación da rede de comunicacións móbiles de emerxencia titularidade da Xunta de Galicia, baseada no estándar TETRA e denominada Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (en diante, RESGAL).
- II. Que, a dirección xeral de Ordenación e Producción Forestal, a través da subdirección xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (en diante SPDCIF), dependente da consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, é a entidade encargada de levar a termo as actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes contra os incendios forestais na comunidade autónoma de Galicia, exercendo as funcións de:
- Planificación, programación, avaliación e seguimento de medidas e accións de defensa dos montes contra os incendios forestais
  - Elaboración de estudos de análises de causalidade e planificación preventiva
  - Coordinación de medios na loita contra os incendios forestais
- A SPDCIF dispón de infraestruturas distribuídas ao longo da xeografía galega, ubicadas en emprazamentos próximos ás parroquias de alta actividade incendiaria (en diante, PAAI), para acometer as labores de detección, defensa e protección contra incendios forestais, mediante o establecemento de puntos de vixilancia fixa, estacións repetidoras de comunicación e bases de medios aéreos.
- A SPDCIF está adherida a RESGAL e especialmente interesada en que se optimice o reforzamento da súa cobertura en zonas de alto risco de incendio e nas PAAI.
- III. Que, por Resolución do 29 de abril de 2016 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, encomendouse á sociedade RETEGAL a realización dun programa de investimentos nos anos 2016 e 2017 encamiñados a estender a cobertura

poboacional e territorial da RESGAL, mediante a planificación e despregamento de novas estacións radio base (ERB) e repetidores.

RETEGAL ten realizado os estudos de cálculo de cobertura pertinentes e determinado que varias das infraestruturas titularidade da SPDCIF poden aportar unha mellora significativa da cobertura en zonas de alto risco de incendio.

- IV. Que, pola súa banda, a SPDCIF está inmersa en distintos plans piloto de despregamento de sistemas para mellorar a xestión de recursos e incremento das capacidades das súas estacións de vixilancia fixa e o control das bases de medios aéreos. A SPDCIF, en base aos seus propios estudos técnicos e de planificación, ten determinado que varias das infraestruturas titularidade de RETEGAL permiten viabilizar o despregamento de sistemas para o control dos medios aéreos.
- V. Que, ambas partes, no seu interese común por estender a cobertura poboacional e territorial da RESGAL, especialmente en PAAI e, en xeral, por establecer medidas e mecanismos de colaboración que permitan facer fronte aos incendios forestais e incrementar a protección das súas respectivas infraestruturas (e dos seus medios técnicos e humanos) situadas en zonas de alto risco de incendio, chegan ao presente acordo que é levado a efecto de conformidade coas seguintes,

## ESTIPULACIÓNS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste acordo é establecer o marco de cooperación e colaboración das partes asinantes, no seu interese común por estender a cobertura poboacional e territorial da RESGAL, especialmente en PAAI e, en xeral, por establecer medidas e mecanismos de colaboración que permitan facer fronte aos incendios forestais e incrementar a protección das súas respectivas infraestruturas (e dos seus medios técnicos e humanos) situadas en zonas de alto risco de incendio, sen menoscabo da salvagarda das respectivas competencias de cada parte.

### SEGUNDA.- ALCANCE DA COLABORACIÓN E COOPERACIÓN

RETEGAL, por medio do presente acordo de colaboración, autoriza expresamente á SPDCIF ao apoio nas infraestruturas da súa titularidade incluídas no presente apartado para o establecemento de senllos enlaces de acceso WIMAX contra estacións de vixilancia fixa e o control das bases de medios aéreos titularidade da SPDCIF.

Máis concretamente, a SPDCIF instalará equipamento de vídeo-vixilancia en algunhas das súas estacións de vixilancia fixa e bases de medios aéreos distribuídas polo territorio

que, cun caudal estimado de 5 Mbps e mediante o establecemento de enlaces sen fíos baseados en WIMAX na banda non licenciada dos 5.4GHz e a conexión aos puntos de acceso á Rede Corporativa da Xunta de Galicia existentes nos emprazamentos de RETEGAL que se detallan a continuación, permiten viabilizar o despregamento de sistemas para o control dos medios aéreos.

<b>Base SPDCIF/ Pto de vixilancia</b>	<b>Estación RETEGAL</b>	<b>Alcance dos apoios da SPDCIF</b>
Doade	Meda	Espazo en torre para parábola diámetro 0,6 m Espazo en caseta para armario mural 600x450x300 mm Subministro eléctrico equipamento AC 50W Acceso ao punto de conexión á RCXG
Marroxo	Monforte	
Portomarín	Páramo	
Becerreá	Becerreá	
Santa Cecía	Padrón	
Lomba	Zas	

RETEGAL facilitará acceso á SPDCIF ao punto de conexión á Rede de Comunicacións Corporativa da Xunta de Galicia (RCXG) para cada un dos emprazamentos referidos, sempre e cando acredite ter autorización para elo da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), correndo por conta da SPDCIF a xestión dos permisos necesarios e a tramitación técnica e administrativa ante o Centro de Xestión de Rede (CXR) para a asignación e habilitación de circuitos precisos.

Pola súa banda, a SPDCIF, por medio do presente acordo de colaboración, autoriza expresamente a RETEGAL ao uso de espazo da súa titularidade, e a colaborar con RETEGAL na consecución de permisos no entorno das súas infraestruturas referidas a continuación, para o despregamento e posterior operación de novas estacións radio base fixas e repetidores que permiten estender, de xeito notable e diferencial, a cobertura poboacional e territorial de RESGAL en zonas de alto risco de incendio:

<b>Base SPDCIF</b>	<b>Alcance dos apoios de RETEGAL</b>
Larouco	Espazo para caseta de dimensións en planta 3x2 m
Monte Muralla	Espazo para torre de 20 m
Penafexia	Acceso ao punto de conexión á enerxía AC: 1KW

A titularidade das infraestruturas e equipamento de radiocomunicación despregados por RETEGAL ao abeiro do presente acordo de colaboración será da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a SPDCIF e RETEGAL cooperarán aportando os seus respectivos medios e recursos para:

1. A conservación dos camiños de acceso ás súas infraestruturas e, en xeral, en cuestións de mutuo interese para o seu mantemento, incluída a prevención de incendios no entorno das súas infraestruturas situadas en zonas de alto risco de incendio, que diminúan o risco de propagación e minorar os danos dos incendios forestais (labores de roza e xestión da biomasa).
2. O desenvolvemento, e eventual implantación, de sistemas de axuda para a detección temperá e monitorización de incendios e de radiocomunicacións para situacións de emerxencia.

### **TERCEIRA.- RENTA E GASTOS**

Ningunha das partes asinantes do presente acordo virá obrigada a satisfacer á outra cantidade económica algunha polas contraprestacións descritas na estipulación PRIMEIRA e ANEXOS ao presente acordo de colaboración cos planos técnicos de detalle. Cada parte correrá con todos os gastos que se deriven da montaxe, instalación, explotación, mantemento, conservación, reparación, modificación e retirada de aqueles elementos da súa titularidade descritos nos planos técnicos de detalle incluídos en Anexos ao presente acordo, incluídos os que fosen precisos para a obtención de licenzas, permisos e/ou autorizacións pertinentes.

As partes asinantes comprométese a ter cubertos, mediante os correspondentes contratos de seguro de responsabilidade e de accidente os riscos derivados das actuacións obxecto deste acordo de colaboración.

As partes definirán, en cada caso concreto e con carácter previo, o modo de financiamento das actuacións de cooperación desenvolvidas en aplicación do presente acordo de colaboración sobre unha base bilateral, e poderán plantexar xustificadamente á outra o reembolso dos gastos extraordinarios ocasionados polo presente acordo, ou os que

puideran derivarse no caso de romperse o equilibrio entre as respectivas obrigas e dereitos de cada unha delas.

#### **CUARTA.- VIXENCIA, DURACIÓN E PRÓRROGA**

O presente acordo de colaboración entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá unha duración inicial de 1 ano.

Sen perxuízo da duración mínima establecida no párrafo anterior, o presente acordo prorrogarase tacitamente por períodos sucesivos de un (1) ano, salvo que calquera das partes comunique á outra, de forma fidedigna, e con unha antelación mínima de seis (6) meses, a súa vontade de dar por extinguido o acordo á finalización da duración inicial, ou de calquera das súas prórrogas.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DAS PARTES**

Será responsabilidade da SPDCIF a instalación e mantemento de antenas e equipos da súa titularidade e os cableados asociados, incluídos os de conexión aos puntos de acceso á enerxía e á RCXG, que se reflexarán en planos técnicos de detalle que serán subscritos por ambas partes e se incorporarán ao presente documento como Anexo, pasando a considerarse como parte integrante do mesmo, quedando por tanto a validez do presente acordo condicionada e supeditada á efectiva aceptación e sinatura por ambas partes dos referidos planos técnicos.

Os anteditos apoios en infraestruturas de RETEGAL deberán destinarse pola SPDCIF única e exclusivamente ao fin descrito na estipulación PRIMEIRA do presente acordo, non podendo polo tanto destinarse a ningún outro uso ou actividade, salvo autorización expresa, previa e por escrito por parte de RETEGAL.

Será responsabilidade de RETEGAL a instalación e mantemento de infraestruturas e equipamento da súa titularidade e os cableados asociados, incluído o de conexión a puntos de acceso á enerxía facilitado pola SPDCIF, que se reflexarán en planos técnicos de detalle que serán subscritos por ambas partes e se incorporarán ao presente documento como Anexo, pasando a considerarse como parte integrante do mesmo, quedando por tanto a validez do presente acordo condicionada e supeditada á efectiva aceptación e sinatura por ambas partes dos referidos planos técnicos.

Os anteditos apoios en infraestruturas da SPDCIF deberán destinarse por RETEGAL única e exclusivamente ao fin descrito na estipulación PRIMEIRA do presente acordo, non podendo polo tanto destinarse a ningún outro uso ou actividade, salvo autorización expresa, previa e por escrito por parte de RETEGAL.

As instalacións e traballos de instalación e mantemento a executar por calquera das partes deberán cumprir coa lexislación vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais. Tamén será responsabilidade das partes xestionar e contar coas licencias de obra, permisos de paso, medidas de protección, sinalización e proxectos que foran de aplicación.

Tras a extinción do presente acordo, será responsabilidade das partes proceder, no prazo máximo de seis (6) meses, á desmontaxe do equipamento emprazado en infraestruturas e espazos cedidos pola outra, restablecendo o estado das respectivas infraestruturas á situación anterior aos despregues obxecto do presente convenio.

#### **SEXTA.- SEPARACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN**

A extinción poderá levarse a cabo polo común acordo das partes asinantes ou polo incumprimento das obrigas asumidas nestes.

Calquera das partes asinantes poderá separarse do presente convenio de colaboración durante a súa vixencia, logo de comunicación xustificada á outra parte, e sen que por elo se determine a obriga de satisfacer indemnización algunha.

A notificación deberá realizarse por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción e cunha antelación mínima de seis (6) meses á data efectiva de separación.

#### **SÉTIMA.- CESIÓN**

O presente convenio produce efectos exclusivamente entre as partes comparecentes, quedando expresamente prohibida toda cesión a terceiros, en calquera forma ou modalidade, ben sexa a título oneroso ou gratuíto, sen o previo consentimento por escrito da outra parte.

#### **OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Constitúese unha comisión de seguimento, que terá por obxecto:

1. A vixilancia e control do cumprimento do presente convenio.
2. A resolución dos eventuais conflitos que poidan suscitarse

A comisión estará composta polos seguintes membros:

- Pola Consellería, o director xeral de Ordenación e Produción Forestal ou persoa en quen delegue.
- Por RETEGAL, o director xerente ou persoa en quen delegue.

#### **NOVENA.- FORO**

Ambas partes comprométense a resolver amigablemente calquera diverxencia que puidera xurdir no desenvolvemento do presente acordo de colaboración. Nembargantes, para o caso de non chegar a unha solución amigable, as partes, facendo expresa renuncia a calquera outro foro que puidera corresponderlles, expresamente se someten aos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.

#### **DÉCIMA.- ACORDO GLOBAL**

O presente acordo cos seus anexos, constitúe o total acordo entre RETEGAL e a SPDCIF, e substitúe e deixa sen efecto calquera outro acordo, verbal ou escrito, e referido ao presente obxecto, ao que tiveran chegado as partes con anterioridade á data de sinatura do presente acordo.

As partes asinantes poderán promover a revisión dalgún dos termos do presente acordo e as eventuais modificacións deberán subscribirse por ambas partes e incorporarse como addendas numeradas ao presente documento.

E, EN PROBA DE CONFORMIDADE, ambas partes firman o presente documento por duplicado exemplar e a un solo efecto no lugar e data que figuran no encabezamento.

Por Redes de Telecomunicación Galegas  
Retegal, S.A.

Por la dirección xeral de Ordenación e  
Producción Forestal